

**CONCELLO DE SANTIAGO**

**INFORME SOBRE AS PROPOSTAS PRESENTADAS NO CONCURSO PARA A CONSTRACI3N DA A XESTI3N DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCI3NS CONTRA A NORMATIVA DE TRAFICO VIAL URBANO DO CONCELLO DE SANTIAGO (SOBRE N3 2).-**

**SOBRE N3 2.- PROPOSICI3NS RELATIVA 3S CRITERIOS DE ADXUDICACION NON ABALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.-**


Segundas condici3ns do prego administrativo aprobado para a licitaci3n, mediante procedemento aberto, da contrataci3n, os criteiros de adxudicaci3n non avaliabels mediante cifras ou porcentaxes son os seguintes:

a) Medios ofrecidos para a prestaci3n dos traballos: CORENTA (40) PUNTOS, de acordo co seguinte baremo:

- Pola presentaci3n dun esquema coa metodoloxía aplicada nos procedementos materiais e informáticos encamiñados á mellora na xesti3n, ata DEZ (10) PUNTOS, analizando aspectos fundamentais como:
  - Secuencias de esforzos tendentes a optimiza-la xesti3n en fases iniciais, limitando polo tanto a xesti3n en fase executiva.
  - Estudio detallado das opci3ns materiais, de campo e informáticas tendentes a mellorar e acurta-los tempos de notificaci3n das diferentes fases do procedemento.
  - Procedementos informáticos que permitan a contestaci3n personalizada da resoluci3n dos expedientes.
  - Medidas tendentes a axiliza-la xesti3n coa finalidade de evita-la posible prescripci3n de acci3ns.
- Pola utilizaci3n dos últimos e avanzados medios tecnolóxicos de tipo informático e telemático, encamiñados á mellora da xesti3n, intercomunicaci3n e control sobre os expedientes tramitados en t3dalas súas fases, evitando as tradicionais funci3ns de arquivo manual e substituíndoas polo uso de arquivos documentais dixitalizados, ata VINTE (20) PUNTOS.
- Polo número e condici3ns técnicas e profesionais dos traballadores a adscribir ó servizo, ata DEZ (10) PUNTOS. Deberase indicar as persoas que se asignan especificamente ao contrato para o que se debe ter en conta todos os aspectos da xesti3n (gravaci3n de datos; notificaci3n, tramitaci3n, elaboraci3n de informes e propostas de resoluci3n, etc). Valorarase tamén a experiencia contrastada e debidamente acreditada: 1.- na elaboraci3n de propostas de resoluci3ns de reclamaci3ns ou recursos administrativos sobre expedientes sancionadores; 2.- no exercicio directo de funci3ns relativas á xesti3n de infracci3ns de tráfico, de ingresos locais, de recadaci3n, de atenci3n ó público; e 3.- na planificaci3n de cursos de formaci3n permanente do equipo humano da empresa.

Así en base a elo:

1.- MEDIOS OFRECIDOS PARA A PRESTACI3N DOS TRABALLOS.- 40 PUNTOS.-



## CONCELLO DE SANTIAGO

d) Esquema coa metodoloxía aplicada nos procedementos materiais e informáticos, se analizará: a optimización da xestión nas fases iniciais, acurtar os tempos de notificación, procedementos informáticos para a contestación personalizada e as medidas tendentes á axilización da xestión. (10 puntos).

Para a obtención da puntuación prevista se tendrá en conta, de xeito global os seguintes criterios, nos que entendo se poden concretar os obxectivos pretendidos na prestación dos traballos, que estanse a recoller no prego administrativo:

- Parametrización e deseño do tratamento dos expedientes.
- Automatización e coherencia na introducción de datos.
- Gravación de denuncias.
- Tratamento das incorreccións no momento de mecanizar.
- Contraste dos datos do infractor.
- Sistemas de identificación de conductor.
- Periodos e controis para as actuacións de gravación, notificación, informes e propostas.
- Sistema de notificación.
- Investigación de datos domiciliarios.
- Sistema de publicación por edictos.
- Sistemas de atención: presencial, telefónico, móvil, internet.
- Informe do instructor: proposta de resolución e recursos
- Periodificación o pase a executiva.
- Presentación de información para contabilidade.
- Sistema de cobro das sancións.


Aplicando estes criterios ás distintas ofertas se elaborou un cuadro nos que se otorgou unha puntuación parcial a cada un deles de 0-3 puntos, de tal xeito que a oferta que cumpría amplamente un determinado criterio e propoñía melloras relevantes na súa aplicación, se lles asignan 3 puntos; áquelas que o cumprían de xeito adecuado sen aportar melloras destacables, se lles asigna un 2; áquelas ofertas que cumprían o criterio sen máis se lles atribuíu un 1 e; por último, aquelas ofertas que non facían mención o mesmo o non aplicaban medidas en relación co criterio evaluado, non se lles atribuíu ningún punto.

Unha vez obtidas estas puntuacións parciais, se calculou a porcentaxe de puntos obtidos sobre o total e, mediante unha sencilla operación matemática se obtiveron os resultados totais. Para non complicar as puntuacións con decimais se optou por redondear a puntuación, de xeito que de 0-5 décimas se mantén o número enteiro e de 5-9 décimas se incrementa un punto.

Se adxunta como anexo a este informe o cuadro de referencia no que se recollen as puntuacións parciais de cada un dos criterios, a suma total deles, a porcentaxe resultante sobre o total e a resultante con decimais, sen redondear aínda.

A conclusión destas puntuacións é que, aínda que todas as ofertas cumpren amplamente os criterios avaliados, en función dun análise detallado e exhaustivo dos criterios en relación cos obxectivos determinados no prego, se conclúe coa atribución da seguinte puntuación:

GRS ARC LOCAL S.L.: 9 puntos  
COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS S.A. CGI: 7 puntos  
RECYGES S.L.: 8 puntos  
SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L. :10 puntos  
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN S.L. :10 puntos



## CONCELLO DE SANTIAGO

GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.: 10 puntos  
ASESORES LOCALES CONSULTORIA S.A.: 6 puntos.

- b) Utilización dos últimos e avanzados medios tecnolóxicos de tipo informático e telemático, encamiñados á mellora da xestión (20 puntos).

Este apartado recóllese no informe emitido polo Departamento de Informática.

- c) Polo número e condicións técnicas e profesionais dos traballadores a adscribir ó servicio (10 puntos).-

Neste apartado teranse en conta os seguintes criterios:

O número de persoas adscritos o servizo, a súa titulación e preparación en aspectos relativos á xestión de expedientes, a experiencia contrastada e debidamente acreditada, nos aspectos relativos: elaboración de propostas de resolución e recursos administrativos en expedientes sancionadores, funcións relativas á xestións de infraccións de tráfico, de ingresos locais, de recaudación, de atención ó público; e na planificación de cursos de formación permanente da equipa da empresa.

Os puntos repartiranse de xeito seguinte:

- a) Responsable do proxecto con formación xurídica e experiencia acreditada: 4 puntos  
b) Equipo de Xestión 3 administrativos con experiencia acreditada: 3 puntos

Se propoñen máis persoal para oficina irá sumando a maiores en función do número de efectivos e da súa titulación, ata 2 puntos e se aportan un Plan de formación continúa ou un sistema de formación consistente tamén sumará a maiores 1 punto.

O delegado da empresa e o persoal de apoio externo non se ten en conta xa que non van a prestar servizos directos para a contratación, aínda que figuren como adscritos ó proxecto.

Antes de entrar a valorar as ofertas, faise constar o seguinte:

En tres dos sobres de ofertas correspondentes as empresas Coordinadora de Gestión de Ingresos S.A., Gestión Tributaria Territorial S.A. e Asesores Locales Consultoría S.A., se fai referencia expresa na documentación presentada á subrogación do persoal no contrato:

Ase, no caso de CGI, se recolle expresamente o seguinte:


*Desplazamiento de personal experto en tramitación de multas y del software, TAO, al Ayuntamiento de Santiago como refuerzo para la implantación y gestión de los expedientes sancionadores hasta tanto el personal existente en la actualidad y en el que nos subrogamos culmine su formación en las herramientas utilizadas por CGI, página 55 del contenido del sobre 2.*

No de GTT: no cadro no que se enumera o persoal da oficina de xestión de multas se recolle o seguinte:

*E.V.E. Area de Sanciones de Tráfico. Antigüedad. 19-11-2001.- Titulado de Grado Superior, Persona Subrogada según pliego.*

*A.A.O. Area de Sanciones de Tráfico. Antigüedad: 01-10-2004.- Oficial de 2ª. Persona Subrogada según pliego.*

*B.R.P.. Area de Atención al ciudadano. Antigüedad 05-06-2006.- Auxiliar Administrativo. Persona subrogada según pliego.*



## CONCELLO DE SANTIAGO

J.P.M. Area de Atención al ciudadano. Antigüedad 17-07-2006.- Auxiliar Administrativo. Persona subrogada según pliego. (página 49 del contenido del sobre 2).

Asemade, na páxina seguinte se fai constar: "El puesto de gerente podrá ser cubierto por alguna de las personas subrogadas en el contrato, en caso de que el concello considerara que es la persona adecuada para el puesto. En este caso, el gerente propuesto por GTT pasaría a ostentar la dirección del proyecto.

E na documentación presentada por Asesores Locales, na páxina 55 se di: "Asesores Locales Consultoría, se compromete a subrogar al personal dela anterior contrata, no obstante, disponemos de personal necesaior apra la ejecución del contrato con arreglo a la normativa laboral de aplicación, al corriente de sus obligaciones frente a la Seguridad Social en todo momento".

Faise constar a este respecto, que a oferta relativa á subrogación do persoal do contrato actual pertenze o sobre 3, polo que a Mesa de Contratación deberá dedir se as cuestións antes mencionadas, poden invalidar as ofertas das empresas referidas.

Asemade, e convinte puntualizar que en xeral non se aporta acreditación detallada e concreta da antigüedad manifestada nas ofertas; agás nun dos supostos. Tendo en conta que aportar dita acreditación ou xustificación podería entrar en conflito co a proposta a presentar no sobre tres, en canto á subrogación do persoal. Para a valoración das ofertas se optou por aceptar o manifestado nas mesmas en canto á antigüedad e a experiencia profesional do persoal sen valorar a acreditación ou xustificación concreta do manifestado.

En derradeiro lugar, en canto ó Plan de formación se asignou un punto aquelas ofertas nos que se ofertaba a realización dun plan de formación, excluíndo aquelas nos que se facía referencia á formación de xeito xenérico e sen facer referencia á elaboración dun plan concreto de formación, aínda que o mesmo non se detalle de xeito exhaustivo.


Analizadas as diversas ofertas, se adxunta cuadro coas puntuacións asignadas e relación do persoal a que se fai mención na oferta, en función dos criterios anteriormente sinalados:

	GRS	CGI	RG	SCI	AR	GTT	AL
Responsable del proyecto	-	4	4	4	4	4	4
Equipo de gestión	1	2	2	3	3	3	3
Mas personal oficina	2	1	1	2	1	1	-
Plan de Formación	1	-	1	1	1	1	-
TOTAL	4	7	8	10	9	9	7

### GRS ARC LOCAL S.L.-

1.- Responsable do proxecto.- Se fai mención ás súas funcións directivas e se manifesta, en relación co seu perfil profesional que é un licenciado en dereito, con experiencia acreditada de máis de 10 anos en xestións e coordinación de proxectos semellantes ó obxecto da licitación.

Porén, ten que poñerse de manifesto que este profesional non se inclue entre as persoas que no cuadro de "funciones front office", do que se infire que non vai a ser unha persoa con dedicación exclusiva nin estar integrada na oficina que a vai a xestionar os expedientes.



## CONCELLO DE SANTIAGO

A proposta contempla a presenza dun técnico licenciado en dereito con funcións de asistencia xurídica.

Ademais se ofertan 3 persoas encargadas das tarefas administrativas, cunha experiencia profesional de máis de 5 anos en "atención cidadana". Neste punto é importante poñer de manifesto que aínda que a experiencia non se acredite o que se exige é que a mesma ten que estar relacionada coas tarefas que a vai a desempeñar o persoal e as funcións a realizar en canto á xestión dos expedientes. Neste senso, a atención cidadán non é a única función que este persoal debería desempeñar de conformidade co a oferta contida neste sobre, polo que a experiencia manifestada se estima que é insuficiente para tela en conta, polo que se asigna somentes un punto a este apartado.

O persoal a maires que se propón é: un administrativo, coa mesma salvidade que os anteriores en canto a experiencia, un notificador e un xurista, estes últimos con experiencia de 5 e 8 anos respectivamente.

En base ós criterios expostos, e tendo en conta que, segundo manifesta na oferta, o responsable do proxecto non vaia a formar parte da oficina na que se vaia a prestar o servizo nin consta a súa dedicación exclusiva a ditas tarefas, non se lle outorga ningún punto.

A equipa de xestión se lle atribue somentes un punto, tendo en conta que non se xustifica unha experiencia adecuada en labores de xestión de expedientes de infraccións en materia de tráfico, polo sinalado anteriormente. E dous puntos a maiores por adscribir tres persoas máis ó proxecto: un xurista, un administrativo e un notificador.

En cuanto a la formación se asigna un punto por presentar un Plan de Formación.

### **COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS S.A.,**

Como postos directivos do proxecto, se nomean: un delegado da empresa, con experiencia en proxecto semellantes e un director territorial, licenciado en dereito do que tamén se acredita a súa experiencia.

Porén, non queda claro na oferta quen vaia a ser a persoa responsable do proxecto, posto que se fai mención a un xefe de oficina, con máis de 5 anos de experiencia da plantilla de CGI ou a contratar ( polo que manifesta a continuación a oferta se entende que dito persoal contratado será o subrogado da empresa que actualmente ten adjudicado o contrato). O que non se concreta e a titulación deste Xefe do Oficina. En base a elo, se considera que non se concreta que o responsable do proxecto sexa unha persoa con dedicación exclusiva ó mesmo.


En canto o Xefe de Oficina, a quen poderíamos considerar responsable do proxecto a lo menos no que se refire ás actuacións en tarefas directas de xestión, non se especifica a súa titulación, aínda que se damos por bo o tema da subrogación temos que entender que sería un licenciado en dereito. Polo que a puntuación asignada podería ser de 4 puntos.

Se asigna un técnico titulado superior, sen concretar cal é dita titulación, á tramitación de expedientes sancionadores, tamén da plantilla da empresa ou subrogado.

As tarefas administrativas serán desempeñadas por dous administrativos con experiencia na tramitación de expedientes sancionadores, polo que se lle asignan somentes dous puntos.

En canto o maior número de persoal na oficina se ten en conta o titulado superior e se valora con un punto máis.

Non se fai mención expresa a un Plan de formación concreto, somentes se menciona que a empresa ten dous centros de formación e que, independentemente dos cursos programados, que ademais de non se especifican non se fai referencia concreta a que os mesmos sexan destinados a formar á equipa técnica adscrita ó proxecto, dispoñen dun master para os



## CONCELLO DE SANTIAGO

xerentes da compañía. Curiosamente na parte que fai mención á estrutura organizativa non se fai mención a ningún xerente.

En base a estas consideración non se lle asigna ningún punto a este apartado.

### RECYGES RECAUDACIÓN Y GESTIÓN S.L.-

Se asignan as funcións de responsable do proxecto e xefe da oficina a unha licenciada en económicas, cunha experiencia de 15 anos, que non se acredita de xeito concreto. Asemade, se fai adscribe unha substituta licenciada en dereito con experiencia en funcións de xestión e recaudación sen detallar os anos na mesma.

Neste punto se asigna a máxima puntuación 4 puntos.

Ademais se adcribe tamén a unha licenciada en dereito, con experiencia en xestión de multas sen mencionar os anos de experiencia.

En canto o persoal executivo ó que lle corresponden tarefas administrativas se asignan a dúas persoas: unha licenciada en económicas e un titulado de grado medio.

Ademáis de un informático a tempo parcial.

En base a esta oferta se reparten os puntos, do xeito seguinte: 4 pola licenciada responsable do proxecto xa que, aínda que a titular é licenciada en económicas, a substitua é licenciada en dereito e tendo en conta que, en ámbolos dous casos se fai mención a experiencia na materia se considera axeitado atribuírle a máxima puntuación por entender que poden complementarse. Se atribúen 2 puntos pola equipa de xestión, posto que con dedicación exclusiva somentes se adscriben dúas persoas xa que o informático, ademáis de non desempeñar tarefas administrativas tampouco está dispoñible a tempo parcial.

En canto ó persoal a maiores, se atribúe somentes un punto, pola existencia dun xurista máis.

En canto ó Plan de Formación se lle asigna un punto por facer referencia concreta a asistencia a cursos, xornadas de estudos e conferencia, tanto en materia xurídica coma en novas tecnoloxías.

### SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SCI.-

Un responsable do servizo, licenciado en dereito con experiencia profesional amosable de máis de 8 anos en xestión integral de procedemento sancionador en materia de tráfico e recaudación.


Se adscriben con dedicación exclusiva ó servizo: un técnico de grado medio para realizar funcións administrativas, un titulado superior en administración e un titulado superior en asesoría xurídica, para desempeñar tamen estas funcións e as propiamente xurídicas. Todos eles cunha experiencia amosable de máis de 8 anos en xestión integral de procedemento sancionador en materia de tráfico e recaudación.

Ademáis e tamén con dedicación exclusiva disporá de dous axentes notificadores.

En base a elo se atribúen 4 puntos polo responsable do proxecto, 3 puntos polas persoas que van a desenvolver as tarefas administrativas, e dous puntos máis polo resto do persoal adscrito o servizo.

Se oferta un Plan de Formación concreto, ademáis do xenérico da propia empresa.

### LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN S.L.-



## CONCELLO DE SANTIAGO

Un responsable del servicio, licenciado en derecho con experiencia profesional en la materia debidamente acreditada de máis de 8 anos.

Dous administrativos, sen titulación específica (formación académica BUP), cuna experiencia profesional acreditada tamén de máis de 8 anos na materia obxecto do servizo e un titulado de grado medio tamén con experiencia acreditada.

A maiores formará parte do persoal adscrito ó servizo un informático, un titulado medio, ámbolos dous con experiencia profesional tamén acreditada.

Por elo, se adjudican 4 puntos ó responsable do proxecto, 3 ó personal executivo e 1 ó personal a maiores proposto.

Adxunta Plan de Formación detallado, polo que se adjudica un punto por este concepto.

### **GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A.**

Na oficina de xestión, propoñen a un Xerente, responsable do proxecto, licenciado en dereito, con máis de 8 anos de experiencia en contratos vinculados á xestión de multas en diversos concellos que se enumeran.

Un titulado de grado superior, cunha antigüedad de máis de 12 anos subrogado máis tres administrativos, tamén subrogados. Especifica a oferta que no suposto de que o concello o decida o xerente podería ser o titulado superior subrogado do actual concreto, polo que o proposto pola empresa pasaría a ser o responsable do proxecto.

En base a elo, se asigna 4 puntos ó director del proyecto e 3 ós administrativos. Pola persoa a maiores titulada superior se asigna 1 punto. No se ten en conta o resto do persoal adscrito en base ós criterios establecidos anteriormente.

Se presenta Plan de formación detallado, polo que se atribúe un punto.

### **ASESORES LOCALES CONSULTORÍA S.A.-**

Non referencia expresamente as persoas que van a formar parte do proxecto, manifestando xenéricamente que se vaia subrogar ó persoal actual.


Neste senso, e si se aceptan estas ofertas se puntuaría 4 puntos polo responsable do proxecto, 3 polo persoal administrativo. Non se fai mención expresa a que na oficina vaia a ter máis persoal a maiores e tampouco presenta un Plan de formación continúa, somentes se fai referencia concreta a un curso de atención ó cidadán e xenéricamente ós que convoque a empresa con carácter xeral; polo que non se atribúe puntuación por este concepto.

Santiago a 10 de maio de 2.012



A TECNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Asdo/María Moreno Berguer



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**ANEXO Ó INFORME, CUADRO DE VALORACIÓN DE CRITERIOS NOS QUE SE PODEN  
CONCRETAR OS OBXECTIVOS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.**

	GRS	CGI	RG	SCI	AR	GTT	AL
Parametrización e deseño do tratamento dos expedientes.	3	3	3	3	3	3	3
Automatización e coherencia na introducción de datos.	3	3	3	3	3	3	3
Gravación de denuncias. Tratamento das incorreccións no momento de mecanizar.	3	3	3	3	3	3	3
Gestión de desconocidos.	3	3	3	3	3	3	-
Contraste dos datos do infractor.	3	3	3	3	3	3	
Sistemas de identificación de conductor	3	2	3	3	3	3	3
Periodos e controis para as actuacións de gravación, notificación, informes e propostas.	3	2	3	3	3	3	3
Sistema de notificación.	3	1	1	3	2	2	2
Investigación de datos domiciliarios.	3	1	2	3	3	3	-
Sistema de publicación por edictos.	3	3	3	3	3	3	3
Sistemas de atención: presencial, telefónico, móbil, internet.	3	3	-	3	3	3	3
Informe do instructor: proposta de resolución e recursos	3	3	3	3	3	3	1
Periodificación o pase a executiva.	-	-	3	3	3	3	-
Presentación de información para contabilidade.	-	1	3	3	3	3	-
Sistema de cobro das sancións.	3	1	2	2	3	3	2
<b>TOTAL</b>	<b>39</b>	<b>32</b>	<b>38</b>	<b>44</b>	<b>44</b>	<b>44</b>	<b>26</b>
<b>PORCENTAXE SOBRE O TOTAL</b>	<b>86,6%</b>	<b>71,1%</b>	<b>84,4%</b>	<b>97,7%</b>	<b>97,7%</b>	<b>97,7%</b>	<b>57,7%</b>
<b>TOTAL PUNTUACIÓN</b>	<b>8,66</b>	<b>7,11</b>	<b>8,44</b>	<b>9,77</b>	<b>9,77</b>	<b>9,77</b>	<b>5,77</b>



INFORME TÉCNICO SOBRE AS PROPOSTAS PRESENTADAS NO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN CONTRA A NORMATIVA DE TRÁFICO VIAL URBANO NO CONCELLO DE SANTIAGO (CON/6/2012).

#### ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓN PREVIAS

O informe realízase desde o punto de vista técnico e sobre a documentación dispoñible, que inclúe os pregos de condicións técnicas e as proposicións relativas aos criterios de adxudicación non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes para a licitación (sobre nº 2).

Ao non ter participado no deseño do proxecto e redacción dos pregos, a avaliación realízase tendo en conta criterios técnicos xerais.

Os sistemas informáticos descritos nas ofertas aválanse desde o punto de vista técnico, quedando fóra do alcance deste informe o estudo detallado das características funcionais, que corresponden ao departamento ou departamentos usuarios do sistema.

#### CRITERIOS DO PREGO CONSIDERADOS NESTE INFORME

Segundo o establecido no requirimento de informe técnico do Presidente da mesa de contratación, con data 22 de maio de 2012, as ofertas valóranse con respecto ao apartado segundo do criterio a) *Pola utilización dos últimos e avanzados medios tecnolóxicos de tipo informático e telemático, encamiñados á mellora da xestión, intercomunicación e control sobre os expedientes tramitados en todas as súas fases, evitando as tradicionais funcións de arquivado manual e substituíndoas polo uso de arquivos documentais dixitalizados, ata 20 puntos*, en relación aos requirimentos recollidos na cláusula 4 do prego de prescricións técnicas.

#### OFERTAS PRESENTADAS PARA AVALIACIÓN

As ofertas recibidas para valoración son as que se indican de seguido:

1. SCI (Servicios de Colaboración Integral)
2. CGI (Coordinadora de Gestión de Ingresos)
3. GTT (Gestión Tributaria Territorial)
4. GRS ARC LOCAL
5. AL (Asesores Locales)
6. RECYGES (Recaudación y Gestión)
7. LAR (La Auxiliar de Recaudación)



DETALLE DE PUNTUACIÓN

Os 20 puntos previstos para este apartado divídense do seguinte xeito:

- a) Descrición xeral das características da solución tecnolóxica (7 puntos).

As empresas utilizan para a prestación do servizo obxecto de contrato os seus propios sistemas informáticos, se ben inclúen a posibilidade de acceso para consulta por parte do persoal do Concello e da Policía Local por distintos medios técnicos (acceso vía web, mediante publicación de aplicacións, etc.). Polo tanto non prevén polo xeral a implantación de aplicacións no Concello, salvo as estritamente necesarias para a realización deste acceso.

Todas as ofertas inclúen a xestión dos expedientes en formato dixital, incluíndo sistema de xestión documental que permitan o almacenamento en formato electrónico dos documentos asociados, así como a dixitalización dos documentos recibidos en formato papel (boletíns de denuncias, alegacións, etc.).

Aínda que non se chegue a facer unha valoración funcional completa, puntúase neste apartado a descrición en detalle do hardware e software ofertados que inclúan enumeración dos módulos que o compoñen, a descrición funcional e de usabilidade, a inclusión de pantallas e fotografías, as especificacións técnicas, esquemas, etc. (5 puntos).

SCI	5
CGI	5
GTT	5
GRS ARS LOCAL	5
AL	5
RyG	
LAR	5



Puntúase tamén a inclusión na oferta dun sistema baseado na utilización de sinatura electrónica (@firma). (2 puntos).

SCI	
CGI	
GTT	2
GRS ARS LOCAL	
AL	
RyG	
LAR	2

b) Nivel de integración co sistema de información municipal (6 puntos).

Neste apartado téñense en conta as aplicacións informáticas desde o punto de vista dunha eventual incorporación ao sistema informático municipal e integración coas aplicacións informáticas dispoñibles no Concello.

En particular, valórase a facilidade de integración co sistema informático de xestión da recadación e coas bases de datos de terceiros e cidade.

Neste aspecto, se ben todas as ofertas presentan programas informáticos que parecen permitir a migración da información mediante o uso de ficheiros de intercambio, reciben puntuación os que utilizan aplicacións informáticas do mesmo proveedor que as utilizadas no Concello, de tal xeito que se garante que a integración é total. (4 puntos).

SCI	
CGI	4
GTT	
GRS ARS LOCAL	4
AL	
RyG	
LAR	4

Puntúase neste apartado o funcionamento da aplicación informática sobre Oracle, que é o xestor de base de datos corporativo (2 puntos).



SCI	
CGI	2
GTT	2
GRS ARS LOCAL	2
AL	
RyG	
LAR	2

c) Sistema de xestión de multas en mobilidade (7 puntos)

As empresas ofertan o seu propio sistema de xestión de multas en mobilidade, dotando aos axentes de dispositivos móbiles que permiten a gravación de boletíns de denuncia e a consulta de información.

Puntúase neste apartado o feito de facer unha descrición detallada dos dispositivos móbiles (PDA ou blackberry, e impresoras) e do seu software. As que o fan inclúen equipos comerciais de marcas de recoñecido prestixio no sector. Estes equipos presentan variacións na ergonomía e funcionamento xeral, se ben non se detecta a priori elementos que teñan que ser obxecto de especial valoración técnica. (4 puntos)

SCI	4
CGI	4
GTT	4
GRS ARS LOCAL	4
AL	4
RyG	
LAR	4

Dado que a Policía Local dispón desde este mesmo ano dun sistema destas características, puntúase que a oferta sexa compatible ou permita a súa continuidade, incorporando os terminais solicitados no prego aos 25 actualmente operativos, no caso de que o Concello o considere oportuno. (3 puntos)

SCI	3
CGI	
GTT	
GRS ARS LOCAL	
AL	3
RyG	
LAR	

**AVALIACIÓN FINAL**

A puntuación acumulada dos distintos apartados para cada unha das ofertas é a que se indica de seguido:

SCI	12
CGI	15
GTT	13
GRS ARS LOCAL	15
AL	12
RyG	0
LAR	17

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2012

O XEFE DE INFORMÁTICA



Asdo.: Jesús Rodríguez Castro



## INFORME XURIDICO.

No informe xurídico emitido con data 10 de maio de 2.012, en relación coas ofertas incluídas no sobre 2 no concurso aberto para a contratación dunha empresa para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano de Santiago de Compostela, se facía constar o seguinte:

“Antes de entrar a valorar as ofertas, faise constar o seguinte:

En tres dos sobres de ofertas correspondentes as empresas Coordinadora de Gestión de Ingresos S.A., Gestión Tributaria Territorial S.A. e Asesores Locales Consultoría S.A., se fai referencia expresa na documentación presentada á subrogación do persoal no contrato:

Ase, no caso de CGI, se recolle expresamente o seguinte:

*Desplazamiento de personal experto en tramitación de multas y del software, TAO, al Ayuntamiento de Santiago como refuerzo para la implantación y gestión de los expedientes sancionadores hasta tanto el personal existente en la actualidad y en el que nos subrogamos culmine su formación en las herramientas utilizadas por CGI, página 55 del contenido del sobre 2.*

No de GTT: no cadro no que se enumera o persoal da oficina de xestión de multas se recolle o seguinte:

*E.V.E. Area de Sanciones de Tráfico. Antigüedad. 19-11-2001.- Titulado de Grado Superior, Persona Subrogada según pliego.*

*A.A.O. Area de Sanciones de Tráfico. Antigüedad: 01-10-2004.- Oficial de 2ª. Persona Subrogada según pliego.*

*B.R.P.. Area de Atención al ciudadano. Antigüedad 05-06-2006.- Auxiliar Administrativo. Persona subrogada según pliego.*

*J.P.M. Area de Atención al ciudadano. Antigüedad 17-07-2006.- Auxiliar Administrativo. Persona subrogada según pliego. (página 49 del contenido del sobre 2).*

*Asemade, na páxina seguinte se fai constar: “El puesto de gerente podrá ser cubierto por alguna de las personas subrogadas en el contrato, en caso de que el concello considerara que es la persona adecuada para el puesto. En este caso, el gerente propuesto por GTT pasaría a ostentar la dirección del proyecto.*

E na documentación presentada por Asesores Locales, na páxina 55 se di: “Asesores Locales Consultoría, se compromete a subrogar al personal dela anterior contrata, no obstante, disponemos de personal necesaior apra la ejecución del contrato con arreglo a la normativa laboral de aplicación, al corriente de sus obligaciones frente a la Seguridad Social en todo momento”.

Faise constar a este respecto, que a oferta relativa á subrogación do persoal do contrato actual pertence o sobre 3, polo que a Mesa de Contratación deberá decidir se as cuestións antes mencionadas, poden invalidar as ofertas das empresas referidas.”



Reunida a mesa de contratación con data de hoxe e unha vez exposto o contido do informe emitido en relación co contido do sobre dos e a problemática plantexada no mesmo, a Acta de dita xuntanza recolle o seguinte:

“Dna. María Moreno, técnico de tráfico, recolle no seu informe que tres das empresas licitadoras COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL e ASESORES LOCALES CONSULTORÍA fan referencia expresa, na documentación presentada, á subrogación do persoal do contrato, o que entraría en contradición coa distribución de criterios recollida no prego de aplicación, que inclúe a subrogación de persoal entre os criterios valorables en forma de cifras e porcentaxes, esixindo por tanto a inclusión da documentación necesaria no sobre número tres.

Así, e como ben sinala o director da asesoría xurídica presente na mesa, esta distinción entre sobres e criterios non é gratuita, senon que responde á nova estrutura do procedemento recollida na actual lei de contratos, que esixe que ningúnha das condicións das ofertas obxecto de valoración obxectiva poida ser cofecida no momento de formulación da valoración subxectiva, recollendo xa reiterada xurisprudencia que calqueira incumprimento deste requerimento, aínda por unha simple referencia, afectaría a integridade do procedemento e sería causa de exclusión da licitación.

Manifestándose conformes todos os membros da mesa con esta conclusión, acórdase a exclusión das ofertas presentadas polas empresas COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL e ASESORES LOCALES CONSULTORÍA por facer referencia expresa na documentación presentada no sobre número 2 á subrogación do persoal do contrato, cando esta información debe reservarse para o coñecemento da mesa ó sobre número 3.”

En consecuencia, o informe técnico emitido con data 10 de maio de 2.012 se modifica no senso acordado pola mesa de contratación, excluindo das ofertas presentadas ás empresas sinaladas, COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL e ASESORES LOCALES CONSULTORÍA por facer referencia expresa na documentación presentada no sobre número 2 á subrogación do persoal do contrato, cando esta información debe reservarse para o coñecemento da mesa ó sobre número 3. Polo que, a respecto do seu contido somentes serán en conta as valoracións atribuídas ó resto das empresas que se presentaron ó concurso

Ase, o informe coas exclusións sinaladas queda coma segue:

**INFORME SOBRE AS PROPOSTAS PRESENTADAS NO CONCURSO PARA A  
CONSTRACIÓN DA A XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR  
INFRACCIÓN CONTRA A NORMATIVA DE TRÁFICO VIAL URBANO DO CONCELLO DE  
SANTIAGO (SOBRE Nº 2).-**

**SOBRE Nº 2.- PROPOSICIÓN RELATIVA ÓS CRITERIOS DE ADXUDICACION NON  
ABALIALES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.-**

Segundas condicións do prego administrativo aprobado para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación, os criterios de adxudicación non avaliábelles mediante cifras ou porcentaxes son os seguintes:

- a) Medios ofrecidos para a prestación dos traballos: CORENTA (40) PUNTOS, de acordo co seguinte baremo:
- Pola presentación dun esquema coa metodoloxía aplicada nos procedementos materiais e informáticos encamiñados á mellora na xestión, ata DEZ (10) PUNTOS, analizando aspectos fundamentais como:
    - Secuencias de esforzos tendentes a optimiza-la xestión en fases iniciais, limitando polo tanto a xestión en fase executiva.
    - Estudio detallado das opcións materiais, de campo e informáticas tendentes a mellorar e acurta-los tempos de notificación das diferentes fases do procedemento.
    - Procedementos informáticos que permitan a contestación personalizada da resolución dos expedientes.
    - Medidas tendentes a axiliza-la xestión coa finalidade de evita-la posible prescrición de accións.
  - Pola utilización dos últimos e avanzados medios tecnolóxicos de tipo informático e telemático, encamiñados á mellora da xestión, intercomunicación e control sobre os expedientes tramitados en tódalas súas fases, evitando as tradicionais funcións de arquivo manual e substituíndoas polo uso de arquivos documentais dixitalizados, ata VINTE (20) PUNTOS.
  - Polo número e condicións técnicas e profesionais dos traballadores a adscribir ó servizo, ata DEZ (10) PUNTOS. Deberase indicar as persoas que se asignan especificamente ao contrato para o que se debe ter en conta todos os aspectos da xestión (gravación de datos; notificación, tramitación, elaboración de informes e propostas de resolución, etc). Valorarase tamén a experiencia contrastada e debidamente acreditada: 1.- na elaboración de propostas de resolucións de reclamacións ou recursos administrativos sobre expedientes sancionadores; 2.- no exercicio directo de funcións relativas á xestión de infraccións de tráfico, de ingresos locais, de recadación, de atención ó público; e 3.- na planificación de cursos de formación permanente do equipo humano da empresa.

Á vista da Acta da terceira reunión da Mesa de Contratación celebrada o día 29 de maio de 2.012 e tendo en conta que en tres dos sobres de ofertas correspondentes as empresas Coordinadora de Gestión de Ingresos S.A., Gestión Tributaria Territorial S.A. e Asesores Locales Consultoría S.A., se fai referencia expresa na documentación presentada á subrogación do persoal no contrato, de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación, as devanditas empresas por facer referencia expresa na documentación presentada no sobre número 2 á subrogación do persoal do contrato, cando esta información debe reservarse para o cofecemento da mesa ó sobre numero 3, quedan excluídas da licitación.

Así en base a elo, se valoran o resto das ofertas do seguinte xeito:

#### 1.- MEDIOS OFRECIDOS PARA A PRESTACIÓN DOS TRABALLOS.- 40 PUNTOS.-

- a) Esquema coa metodoloxía aplicada nos procedementos materiais e informáticos, se analizará: a optimización da xestións nas fases iniciais, acurtar os tempos de notificación, procedementos informáticos para a contestación personalizada e as medidas tendentes á axilización da xestión. (10 puntos).



Para a obtención da puntuación prevista se tendrá en conta, de xeito global os seguintes criterios, nos que entendo se poden concretar os obxectivos pretendidos na prestación dos traballos, que estanse a recoller no prego administrativo:

- Parametrización e deseño do tratamento dos expedientes.
- Automatización e coherencia na introducción de datos.
- Gravación de denuncias.
- Tratamento das incorreccións no momento de mecanizar.
- Contraste dos datos do infractor.
- Sistemas de identificación de conductor.
- Periodos e controis para as actuacións de gravación, notificación, informes e propostas.
- Sistema de notificación.
- Investigación de datos domiciliarios.
- Sistema de publicación por edictos.
- Sistemas de atención: presencial, telefónico, móbil, internet.
- Informe do instructor: proposta de resolución e recursos
- Periodificación o pase a executiva.
- Presentación de información para contabilidade.
- Sistema de cobro das sancións.

Aplicando estes criterios ás distintas ofertas se elaborou un cuadro nos que se otorgou unha puntuación parcial a cada un deles de 0-3 puntos, de tal xeito que a oferta que cumpría amplamente un determinado criterio e propoñía melloras relevantes na súa aplicación, se lles asignan 3 puntos; áquelas que o cumprían de xeito adecuado sen aportar melloras destacables, se lles asigna un 2; áquelas ofertas que cumprían o criterio sen máis se lles atribuíu un 1 e; por último, aquelas ofertas que non facían mención o mesmo o non aplicaban medidas en relación co criterio evaluado, non se lles atribuíu ningún punto.

Unha vez obtidas estas puntuacións parciais, se calculou a porcentaxe de puntos obtidos sobre o total e, mediante unha sencilla operación matemática se obtiveron os resultados totais. Para non complicar as puntuacións con decimais se optou por redondear a puntuación, de xeito que de 0-5 décimas se mantén o número enteiro e de 5-9 décimas se incrementa un punto.

Se adxunta como anexo a este informe o cuadro de referencia no que se recollen as puntuacións parciais de cada un dos criterios, a suma total deles, a porcentaxe resultante sobre o total e a resultante con decimais, sen redondear aínda.

A conclusión destas puntuacións é que, aínda que todas as ofertas cumpren amplamente os criterios avaliados, en función dun análise detallado e exhaustivo dos criterios en relación cos obxectivos determinados no prego, se conclúe coa atribución da seguinte puntuación:

GRS ARC LOCAL S.L.: 9 puntos

RECYGES S.L.: 8 puntos

SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L. :10 puntos

LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN S.L. :10 puntos

- b) Utilización dos últimos e avanzados medios tecnolóxicos de tipo informático e telemático, encamiñados á mellora da xestión (20 puntos).

Este apartado recóllese no informe emitido polo Departamento de Informática.

- c) Polo número e condicións técnicas e profesionais dos traballadores a adscribir ó servizo (10 puntos).-

Neste apartado teranse en conta os seguintes criterios:

O número de persoas adscritos o servizo, a súa titulación e preparación en aspectos relativos á xestión de expedientes, a experiencia contrastada e debidamente acreditada, nos aspectos relativos: elaboración de propostas de resolución e recursos administrativos en expedientes

sancionadores, funcións relativas á xestións de infraccións de tráfico, de ingresos locais, de recaudación, de atención ó público; e na planificación de cursos de formación permanente da equipa da empresa.

Os puntos repartiranse de xeito seguinte:

- a) Responsable do proxecto con formación xurídica e experiencia acreditada: 4 puntos
- b) Equipo de Xestión 3 administrativos con experiencia acreditada: 3 puntos

Se propoñen máis persoal para oficina irá sumando a maiores en función do número de efectivos e da súa titulación, ata 2 puntos e se aportan un Plan de formación continúa ou un sistema de formación consistente tamén sumará a maiores 1 punto.

O delegado da empresa e o persoal de apoio externo non se ten en conta xa que non van a prestar servizos directos para a contratación, aínda que figuren como adscritos ó proxecto.

Tendo en conta que en tres dos sobres de ofertas correspondentes as empresas Coordinadora de Gestión de Ingresos S.A., Gestión Tributaria Territorial S.A. e Asesores Locales Consultoría S.A., se fai referencia expresa na documentación presentada á subrogación do persoal no contrato, de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación, as devanditas empresas por facer referencia expresa na documentación presentada no sobre número 2 á subrogación do persoal do contrato, cando esta información debe reservarse para o cofecemento da mesa ó sobre número 3. Polo que, a respecto do seu contido somentes serán en conta as valoracións atribuídas ó resto das empresas que se presentaron ó concurso.

Asemade, e convinte puntualizar que en xeral non se aporta acreditación detallada e concreta da antigüedad manifestada nas ofertas; agás nun dos supostos. Tendo en conta que aportar dita acreditación ou xustificación podería entrar en conflito co a proposta a presentar no sobre tres, en canto á subrogación do persoal. Para a valoración das ofertas se optou por aceptar o manifestado nas mesmas en canto á antigüedad e a experiencia profesional do persoal sen valorar a acreditación ou xustificación concreta do manifestado.

En derradeiro lugar, en canto ó Plan de formación se asignou un punto aquelas ofertas nos que se ofertaba a realización dun plan de formación, excluindo aquelas nos que se facía referencia á formación de xeito xenérico e sen facer referencia á elaboración dun plan concreto de formación, aínda que o mesmo non se detalle de xeito exhaustivo.

Analizadas as diversas ofertas, se adxunta cuadro coas puntuacións asignadas e relación do persoal a que se fai mención na oferta, en función dos criterios anteriormente sinalados:

	GRS	RG	SCI	AR
Responsable del proyecto	-	4	4	4
Equipo de gestión	1	2	3	3
Mas personal oficina	2	1	2	1
Plan de Formación	1	1	1	1
TOTAL	4	8	10	9

#### **GRS ARC LOCAL S.L.-**

1.- Responsable do proxecto.- Se fai mención ás súas funcións directivas e se manifesta, en relación co seu perfil profesional que é un licenciado en dereito, con experiencia acreditada de máis de 10 anos en xestións e coordinación de proxectos semellantes ó obxecto da licitación.

Porén, ten que poñerse de manifesto que este profesional non se inclúe entre as persoas que no cuadro de "funciones front office", do que se infire que non vai a ser unha persoa con dedicación exclusiva nin estar integrada na oficina que a vai a xestionar os expedientes.

A proposta contempla a presenza dun técnico licenciado en dereito con funcións de asistencia xurídica.

Ademáis se ofertan 3 persoas encargadas das tarefas administrativas, cunha experiencia profesional de máis de 5 anos en "atención cidadana". Neste punto é importante poñer de manifesto que aínda que a experiencia non se acredite o que se exige é que a mesma ten que estar relacionada coas tarefas que a vai a desempeñar o persoal e as funcións a realizar en canto á xestión dos expedientes. Neste senso, a atención cidadán non é a única función que este persoal debería desempeñar de conformidade co a oferta contida neste sobre, polo que a experiencia manifestada se estima que é insuficiente para tela en conta, polo que se asigna somentes un punto a este apartado.

O persoal a maiores que se propón é: un administrativo, coa mesma salvidade que os anteriores en canto a experiencia, un notificador e un xurista, estes últimos con experiencia de 5 e 8 anos respectivamente.

En base ós criterios expostos, e tendo en conta que, segundo manifesta na oferta, o responsable do proxecto non vaia a formar parte da oficina na que se vaia a prestar o servizo nin consta a súa dedicación exclusiva a ditas tarefas, non se lle outorga ningún punto.

A equipa de xestión se lle atribue somentes un punto, tendo en conta que non se xustifica unha experiencia adecuada en labores de xestión de expedientes de infraccións en materia de tráfico, polo sinalado anteriormente. E dous puntos a maiores por adscribir tres persoas máis ó proxecto: un xurista, un administrativo e un notificador.

En cuanto a la formación se asigna un punto por presentar un Plan de Formación.

#### **RECYGES RECAUDACIÓN Y GESTIÓN S.L.-**

Se asignan as funcións de responsable do proxecto e xefe da oficina a unha licenciada en económicas, cunha experiencia de 15 anos, que non se acredita de xeito concreto. Asemade, se fai adscribe unha substituta licenciada en dereito con experiencia en funcións de xestión e recaudación sen detallar os anos na mesma.

Neste punto se asigna a máxima puntuación 4 puntos.

Ademais se adscribe tamén a unha licenciada en dereito, con experiencia en xestión de multas sen mencionar os anos de experiencia.

En canto o persoal executivo ó que lle corresponden tarefas administrativas se asignan a dúas persoas: unha licenciada en económicas e un titulado de grado medio.

Ademáis de un informático a tempo parcial.

En base a esta oferta se reparten os puntos, do xeito seguinte: 4 pola licenciada responsable do proxecto xa que, aínda que a titular é licenciada en económicas, a substitua é licenciada en dereito e tendo en conta que, en ámbolos dous casos se fai mención a experiencia na materia se considera axeitado atribuírle a máxima puntuación por entender que poden complementarse. Se atribúen 2 puntos pola equipa de xestión, posto que con dedicación exclusiva somentes se adscriben dúas persoas xa que o informático, ademáis de non desempeñar tarefas administrativas tampouco está disponible a tempo parcial.

En canto ó persoal a maiores, se atribúe somentes un punto, pola existencia dun xurista máis.

En canto ó Plan de Formación se lle asigna un punto por facer referencia concreta a asistencia a cursos, xornadas de estudos e conferencia, tanto en materia xurídica coma en novas tecnoloxías.

#### **SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SCI.-**

Un responsable do servizo, licenciado en dereito con experiencia profesional amosable de máis de 8 anos en xestión integral de procedemento sancionador en materia de tráfico e recaudación.

Se adscriben con dedicación exclusiva ó servicio: un técnico de grado medio para realizar funcións administrativas, un titulado superior en administración e un titulado superior en asesoría xurídica, para desempeñar tamen estas funciónes e as propiamente xurídicas. Todos eles cunha experiencia amosable de máis de 8 anos en xestión integral de procedemento sancionador en materia de tráfico e recaudación.

Además e tamén con dedicación exclusiva disporá de dous axentes notificadores.

En base a elo se atribúen 4 puntos polo responsable do proxecto, 3 puntos polas persoas que van a desenvolver as tarefas administrativas, e dous puntos máis polo resto do persoal adscrito o servizo.

Se oferta un Plan de Formación concreto, además do xenérico da propia empresa.

### **LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN S.L.-**

Un responsable del servicio, licenciado en derecho con experiencia profesional en la materia debidamente acreditada de máis de 8 anos.

Dous administrativos, sen titulación específica (formación académica BUP), cuna experiencia profesional acreditada tamén de mais de 8 anos na materia obxecto do servizo e un titulado de grado medio tamén con experiencia acreditada.

A maiores formará parte do persoal adscrito ó servizo un informático, un titulado medio, ámbolos dous con experiencia profesional tamén acreditada.

Por elo, se adxudican 4 puntos ó responsable do proxecto, 3 ó personal executivo e 1 ó personal a maiores proposto.

Adxunta Plan de Formación detallado, polo que se adxudica un punto por este concepto.

Santiago a 29 de maio de 2.012

A TECNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Asdo/Maria Moreno Berguer



**ANEXO Ó INFORME, CUADRO DE VALORACIÓN DE CRITERIOS NOS QUE SE PODEN CONCRETAR OS OBXECTIVOS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.**

	GRS	RG	SCI	AR
Parametrización e deseño do tratamento dos expedientes.	3	3	3	3
Automatización e coherencia na introducción de datos.	3	3	3	3
Gravación de denuncias. Tratamento das incorreccións no momento de mecanizar.	3	3	3	3
Gestión de desconocidos.	3	3	3	3
Contraste dos datos do infractor.	3	3	3	3
Sistemas de identificación de conductor	3	3	3	3
Periodos e controis para as actuacións de gravación, notificación, informes e propostas.	3	3	3	3
Sistema de notificación.	3	1	3	2
Investigación de datos domiciliarios.	3	2	3	3
Sistema de publicación por edictos.	3	3	3	3
Sistemas de atención: presencial, telefónico, móvil, internet.	3	-	3	3
Informe do instructor: proposta de resolución e recursos	3	3	3	3
Periodificación o pase a executiva.	-	3	3	3
Presentación de información para contabilidade.	-	3	3	3
Sistema de cobro das sancións.	3	2	2	3
<b>TOTAL</b>	<b>39</b>	<b>38</b>	<b>44</b>	<b>44</b>
<b>PORCENTAXE SOBRE O TOTAL</b>	<b>86,6%</b>	<b>84,4%</b>	<b>97,7%</b>	<b>97,7%</b>
<b>TOTAL PUNTUACIÓN</b>	<b>8,66</b>	<b>8,44</b>	<b>9,77</b>	<b>9,77</b>

Santiago a 29 de maio de 2.012

A TECNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Asdo/María Moreno

INFORME TÉCNICO SOBRE AS PROPOSTAS PRESENTADAS NO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS CONTRA A NORMATIVA DE TRÁFICO VIAL URBANO NO CONCELLO DE SANTIAGO (CON/6/2012).

En vista do acordo da mesa de contratación do día 29 de maio de 2012, polo cal se consideran excluídas as ofertas presentadas polas empresas COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL e ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, modifícase o informe emitido o 24 de maio de 2012, que queda redactado do seguinte xeito:

#### ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS PREVIAS

O informe realízase desde o punto de vista técnico e sobre a documentación dispoñible, que inclúe os pregos de condicións técnicas e as proposicións relativas aos criterios de adxudicación non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes para a licitación (sobre nº 2).

Ao non ter participado no deseño do proxecto e redacción dos pregos, a avaliación realízase tendo en conta criterios técnicos xerais.

Os sistemas informáticos descritos nas ofertas avalíanse desde o punto de vista técnico, quedando fóra do alcance deste informe o estudo detallado das características funcionais, que corresponden ao departamento ou departamentos usuarios do sistema.

#### CRITERIOS DO PREGO CONSIDERADOS NESTE INFORME

Segundo o establecido no requirimento de informe técnico do Presidente da mesa de contratación, con data 22 de maio de 2012, as ofertas valóranse con respecto ao apartado segundo do criterio a) *Pola utilización dos últimos e avanzados medios tecnolóxicos de tipo informático e telemático, encamiñados á mellora da xestión, intercomunicación e control sobre os expedientes tramitados en todas as súas fases, evitando as tradicionais funcións de arquivado manual e substituíndoas polo uso de arquivos documentais dixitalizados, ata 20 puntos, en relación aos requirimentos recollidos na cláusula 4 do prego de prescricións técnicas.*

SCI	5
GRS ARS LOCAL	5
RyG	
LAR	5

Puntúase tamén a inclusión na oferta dun sistema baseado na utilización de sinatura electrónica (@firma). (2 puntos).

SCI	
GRS ARS LOCAL	
RyG	
LAR	2

b) Nivel de integración co sistema de información municipal (6 puntos).


Neste apartado téñense en conta as aplicacións informáticas desde o punto de vista dunha eventual incorporación ao sistema informático municipal e integración coas aplicacións informáticas dispoñibles no Concello.

En particular, valórase a facilidade de integración co sistema informático de xestión da recadación e coas bases de datos de terceiros e cidade.

Neste aspecto, se ben todas as ofertas presentan programas informáticos que parecen permitir a migración da información mediante o uso de ficheiros de intercambio, reciben puntuación os que utilizan aplicacións informáticas do mesmo provedor que as utilizadas no Concello, de tal xeito que se garante que a integración é total. (4 puntos).

SCI	
GRS ARS LOCAL	4
RyG	
LAR	4

Puntúase neste apartado o funcionamento da aplicación informática sobre Oracle, que é o xestor de base de datos corporativo (2 puntos).



SCI	
GRS ARS LOCAL	2
RyG	
LAR	2

c) Sistema de xestión de multas en mobilidade (7 puntos)


As empresas ofertan o seu propio sistema de xestión de multas en mobilidade, dotando aos axentes de dispositivos móbiles que permiten a gravación de boletíns de denuncia e a consulta de información.

Puntúase neste apartado o feito de facer unha descrición detallada dos dispositivos móbiles (PDA ou blackberry, e impresoras) e do seu software. As que o fan inclúen equipos comerciais de marcas de recoñecido prestixio no sector. Estes equipos presentan variacións na ergonomía e funcionamento xeral, se ben non se detecta a priori elementos que teñan que ser obxecto de especial valoración técnica. (4 puntos)

SCI	4
GRS ARS LOCAL	4
RyG	
LAR	4

Dado que a Policía Local dispón desde este mesmo ano dun sistema destas características, puntúase que a oferta sexa compatible ou permita a súa continuidade, incorporando os terminais solicitados no prego aos 25 actualmente operativos, no caso de que o Concello o considere oportuno. (3 puntos)

SCI	3
GRS ARS LOCAL	
RyG	
LAR	







AVALIACIÓN FINAL

A puntuación acumulada dos distintos apartados para cada unha das ofertas é a que se indica de seguido:

SCI	12,00
GRS ARS LOCAL	15,00
RyG	0,00
LAR	17,00

Táboa de puntuacións final

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2012

O XEFE DE INFORMÁTICA

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro



**INFORME SOBRE AS PROPOSTAS PRESENTADAS NO CONCURSO PARA A CONSTRACI3N DA A XESTI3N DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCI3NS CONTRA A NORMATIVA DE TRAFICO VIAL URBANO DO CONCELLO DE SANTIAGO (SOBRE N3 3).-**

Segundo o prego de cl3usulas administrativas particulares para a contrataci3n, mediante procedemento aberto, da xesti3n dos expedientes sancionadores por infracci3ns contra a normativa de tr3fico vial urbano no concello de Santiago, o sobre tres inclu3a, a oferta econ3mica, o prezo e as melloras.

O prego establece no seu punto 10.2 apartados b) e c), os criterios de adxudicaci3n avali3bles mediante cifras ou porcentaxes:

**CRITERIOS DE ADXUDICACI3N AVALI3BLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES**

b) Prezo: TRINTA (30) PUNTOS, de acordo co seguinte baremo:

- Asignar3nselle VINTECINCO (25) PUNTOS 3 maxima baixa no prezo sobre o m3ximo de licitaci3n sinalado na sexta cl3usula letra B apartado 1, e inversamente proporcional 3s ditos puntos 3s baixas inferiores.
- Asignar3nselle CINCO (5) PUNTOS 3 maxima baixa no prezo sobre o m3ximo de licitaci3n sinalado na sexta cl3usula B apartado 2, e inversamente proporcional 3s ditos puntos 3s baixas inferiores.

(A letra B do apartado tipo de licitaci3n e retribuci3n dos traballos, determina o seguinte:  
A retribuci3n deste contrato estar3 en funci3n:

1.- Dos resultados concretos que se obte3an polas xesti3ns e servicios realizados pola empresa adxudicataria, tom3ndose como 3ndice os ingresos recadados por ela no per3odo de pago voluntario.

Establ3cese como tipo m3ximo de licitaci3n, admitindo posturas inferiores, o seguinte:

- 38% do importe de t3dolos cobros realizados en per3odo voluntario de pago.
- 2.- Dos custos que soporte a empresa polo servicio de correo das notificaci3ns nos expedientes sancionadores tanto das denuncias non notificadas no acto como das sancions.

Establ3cese como tipo m3ximo de licitaci3n, admitindo posturas inferiores, o seguinte:

- 40% do importe que lle facture o operador postal seleccionado).

c) Melloras ofrecidas sobre as condici3ns, non econ3micas, contidas no prego: QUINCE (15) PUNTOS, de acordo co seguinte baremo:

Pola adquisici3n de equipos que contrib3en a mellorar, optimizar e axilizar a xesti3n das denuncias, tales como:

- Fotorrojos, modelo STYARE-ZR, equipo para control de sem3foro en roxo para ata dous carris de comunicaci3n por Router GPRS/3G/WIFI, cu3as car3cteristicas e orzamento se adxunta como Anexo V a este prego.



d) Subrogación do persoal da anterior contrata (anexo IV): QUINCE (15) PUNTOS

As ofertas presentadas foron as seguintes:

**GRS ARC LOCAL S.L.**

Oferta económica:

- 27,36% do importe de todos os cobros realizados en periodo voluntario de pago.
- 30% do importe que facture o operador postal.

Estes porcentaxes inclúen a totalidade dos impostos, aínda o IVE.

Melloras:

- Tres unidades de fotorroxos das características que constan no anexo V do prego de cláusulas administrativas.

Subrogación :

Presenta compromiso de subrogación do persoal nas condicións que se especifican no Anexo IV do Prego de Clausulas Administrativas.

**RG RECIGES RECAUDACIÓN Y GESTIÓN:**

Oferta económica:

- O 28% do importe de todos os cobros realizados en periodo voluntario.
- O 30% do importe que lle facture o operador postal selección.


Estes porcentaxes inclúen a totalidade dos impostos, aínda o IVE.

Melloras:

- Un fotorroxo das características que constan no anexo V do prego de cláusulas administrativas.
- Un equipo Drager Drug Test 5.000, para control de drogas in situ.
- Como complemento do anterior o sistema de contra-análise para constrar os resultados das probas de control de drogas en carretera, con Drager Drug Test 5.000. Este sistema conta con material necesario para recollida, conservación e transporte das mostras e o servizo de entrega do informe do laboratorio.

Subrogación:

Presenta compromiso de subrogación do persoal da anterior contrata nas condicións que se especifican no Anexo IV do Prego de Clausulas Administrativas.





**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

### **SCI SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL**

Oferta económica:

- 30% do importe de todos os cobros realizados en periodo voluntario de pago.
- 35% do importe que facture o operador postal

Estes porcentaxes inclúen a totalidade dos impostos, aínda o IVE.

Melloras:

- Tres unidades de fotorroxos das características que constan no anexo V do prego de cláusulas administrativas.
- Oferta unha cuarta unidade das mesmas características ó inicio da prorroga do contrato.
- Oferta de desconto do 40% no importe das notificacións urbanas, na parte que lle corresponde o concello asumir no suposto de utilizar o seu operador postal (SCI Postal).
- O Software utilizado polas terminais PDA que consta na Memora de xeito grautido e sen custo de mantemento ningún para o concello e a aplicación Web de GMS Portal.

Subrogación :

Presenta compromiso de subrogación do persoal nas condicións que se especifican no Anexo IV do Prego de Clausulas Administrativas.

### **LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN**

Oferta económica:

- 30% do importe de todos os cobros realizados en periodo voluntario de pago.
- 0% do importe que facture o operador postal.

Estes porcentaxes inclúen a totalidade dos impostos, aínda o IVE.

Melloras:

- Un fotorroxo das características que constan no anexo V do prego de cláusulas administrativas.

Subrogación:

Presenta compromiso de subrogación do persoal da anterior contrata nas condicións que se especifican no Anexo IV do Prego de Clausulas Administrativas.

Antes de proceder á valoración dos tres conceptos, procede informar as seguintes cuestións en canto ás melloras:



- En relación coa mellora da empresa RECIGES de ofertar un equipo Drager Drug Test 5.000, para control de drogas in situ e os seus complementos. Se rexeita dita mellora, toda vez que se entende que non ten relación co obxecto do contrato, posto que non é un equipo que contribúa a mellorar, optimizar e axilizar a xestión das denuncias.
- En relación coas melloras da empresa SCI SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, relativas a:

Oferta unha cuarta unidade das mesmas características ó inicio da prorroga do contrato. Se rexeita toda vez que as melloras non poden propoñerse de xeito condicionado.

A respecto da oferta de desconto do 40% no importe das notificacións urbanas, na parte que lle corresponde o concello asumir no suposto de utilizar o seu operador postal (SCI Postal). Non pode terse en conta, dita mellora xa que, xa se valorou esta cuestión con relación ó tipo de licitación e retribución dos traballos, concretamente no relativo á baixa sobre o que facture o operador postal seleccionado.

No que se refire a oferta sobre o Software utilizado polas terminais PDA que consta na Memora de xeito grautido e sen custo de mantemento ningún para o concello e a aplicación Web de GMS Portal, tampouco se valora como mellora xa que, as cuestións relativas á oferta informática xa se tiveron en conta e se valoraron dentro das ofertas contidas no sobre 2, relativo ós criterios de adxudicación non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes.

En consecuencia, á vista do exposto, e seguindo os criterios establecidos no prego, procédese á valoración do sobre 3, do seguinte xeito:

#### CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES

EMPRESAS	b.1 (25)	b.2 (5)	c (15)	d (15)	TOTAL
GRS	25	1,25	15	15	56,25
RECYGES	23,5	1,25	5	15	44,75
SCI	18,8	0,63	15	15	49,43
LAR	18,8	5	5	15	43,8

Correspondencia das siglas cos criterios a avaliar:

Prezo: TRINTA (30) PUNTOS, de acordo co seguinte baremo:

b.1.- Asignaráselle VINTECINCO (25) PUNTOS á máxima baixa no prezo sobre o máximo de licitación sinalado na sexta cláusula letra B apartado 1, e inversamente proporcional ós ditos puntos ás baixas inferiores.

b.2.- Asignaráselle CINCO (5) PUNTOS á máxima baixa no prezo sobre o máximo de licitación sinalado na sexta cláusula B apartado 2, e inversamente proporcional ós ditos puntos ás baixas inferiores.

c.- Melloras ofrecidas sobre as condicións, non económicas, contidas no prego: QUINCE (15) PUNTOS.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

d) Subrogación do persoal da anterior contrata : QUINCE (15) PUNTOS

Así o cuadro total das puntuacións obtidas polas ofertas das empresas non excluídas é o seguinte.

EMPRESAS	SOBRE 2			SOBRE 3				TOTAL
	a.1(10)	a.2(20)	a.3(10)	b.1 (25)	b.2 (5)	c (15)	d (15)	
GRS	9	15	4	25	1,25	15	15	84,25
RECYGES	8	0	8	23,5	1,25	5	15	60,75
SCI	10	12	10	18,8	0,63	15	15	81,43
LAR	10	17	9	18,8	5	5	15	79,80

En consecuencia a empresa que a obtido unha maior puntuación é GRS ARC LOCAL S.L.

Santiago a 6 de xuño de 2012

A TECNICO DE ADMINISTRACION XERAL

Asdo/Maria Moreno Berguer

